

Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:
Sobre Brief Encounter

Autor/es:
Coira, Pepe

Citar como:
Coira, P. (1993). Sobre Brief Encounter. Vértigo. Revista de cine. (8):24-27.

Documento descargado de:
<http://hdl.handle.net/10251/42987>

Copyright: Todos los derechos reservados.
Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:



SOBRE 'BRIEF ENCOUNTER'

Pepe Coira

En 1985 celebrouse o Ano do Cine Británico. A estrea en xaneiro de *PASSAGE TO INDIA*, a derradeira película de David Lean, marcou o inicio das celebracións. Uns meses despois, a organización publicaba un libro sobre a historia do cine en Gran Bretaña dividido en dúas partes: unha dedicada á tradición e outra á modernidade, ó boom do cine inglés dos oitenta.

Así como esta segunda parte se abría cun fotograma de *CHARRIOTS OF FIRE*, a primeira facíao cunha imaxe da despedida de Celia Johnson e Trevor Howard en *BRIEF ENCOUNTER*, dirixida por David Lean. O libro pechábase coa típica en-

quisa entre críticos para seleccionar as dez mellores películas do cine británico, e *BRIEF ENCOUNTER* figuraba entre as máis votadas.

Alguén dixo que quizá *BRIEF ENCOUNTER* non sexa a mellor das películas británicas (aí está, molestando, Michael Powell), pero que non cabe dúbida de que é a máis británica das películas. O seu carácter emblemático procede do acerto con que sir Noël Coward e sir David Lean retrataron o modo de vida británico e a súa capacidade para frustrar unha apaixonada historia de amor, para negar toda paixón.



Celia Johnson e Trevor Howard en *BRIEF ENCOUNTER* (1945)

Nunha casa calquera dun pobo calquera en Inglaterra. O día acaba. O lume da cheminea quente o ambiente da sala de estar. Ela está sentada nun sofá coa cesta da costura no regazo, facendo punto. No sofá de enfronte está o seu home resolvendo o crucigrama do xornal. A radio emite, a un volume un pouco superior do que sería desexable, o Concerto para piano nº 2 de Rachmaninoff.


Ela —chámalle Laura— fai memoria, en silencio, da historia que ven de protagonizar, unha historia fermosa e triste. A historia dun adulterio apenas esbozado e que se afogou nas augas enganosamente tranquilas dun estanque nun xardín inglés. A superficie do estanque está en calma —como a propia Laura—, pero no fondo bulen correntes moi fortes, máis violentas conforme saben que non poden, non deben, saír á superficie. Laura amou, pero non puido amar de todo, a Alec. Durante sete xoves —o día da semana en que ambos, con puntualidade británica, acudían en tren á mesma vila— naceu, creceu e foi matado o romance.

¿"Romance"? Xusto é esa a palabra que o marido de Laura necesitaba para resolver o seu crucigrama. "Romance" encaixa con "delirio" e "Beruchistán". Palabras exóticas, alleas á vida real dos individuos dun mundo ordenado se non se chegasen incluír, imprimindo un certo grao de dificultade, no crucigrama do xornal.

BRIEF ENCOUNTER é unha película construída sobre xogos tan brillantes coma este, que contrapoñen sistematicamente o sublime do amor entre Laura e Alec co vulgar e estéril do mundo no que habitan. "Romance" designa a extrema felicidade e o extremo dor sufridos en silencio, na sombra, polos protagonistas; "romance" é tamén un frío conxunto de sete letras s que se ensamblan con outros —"delirio", por exemplo— nese paradigma de perfección e orde que é o crucigrama. Por ese contrapunto BRIEF ENCOUNTER conta moi eficazmente tanto o amor da parella adúltera como a paisaxe que o fai desaparecer.

Vexamos outro exemplo deste xogo. ¿Como se chegan coñecer Alec e Laura?, ¿que fallou para que a ordenada vida dos nosos vulgares protagonistas se axite de súpeto e con tal violencia que chegue bordealo suicidio? Foi un chisco de carbón que lle entrou nun ollo a Laura cando vía pasa-lo tren; e será Alec quen se ocupe de aliviala. Ese chisco de carbón, ese elemento intruso, ese accidente provoca un encontro que non debería darse, que non estaba previsto; provoca o fallo, do mesmo xeito que o faría se, no lugar do ollo de Laura, se introducise na engraxe dun reloxo, no reloxo que observa satisfeito o xefe da estación cando o tren pasa puntual (así comenza a película).

Fórmulas dramáticas tan brillantes teñen



un selo inconfundible: Noël Coward. Paga a pena comentalo, e subliñar neste punto a autoría de Coward, xa que se ten observado unha certa singularidade desta película respecto ó estilo da súa obra.

Coward soía desenvolverse con especial comodidade no xénero da comedia, en ambientes sofisticados, próximos ó dandismo que el mesmo chegou representar na segunda metade dos vinte e nos anos trinta. Nese ambiente, a habilidade dramática, a intelixencia dos diálogos, a ironía cobran especial brillo. E resulta que BRIEF ENCOUNTER conta unha historia vulgar de persoas vulgares, sen rastros de cinismo. (Só tanxencialmente, no personaxe do teórico amigo de Alec,

Tres escenas da rodaxe de BRIEF ENCOUNTER.



o director do hospital, o dono dos medios - piso e coche- cos que a parella non conta máis ca de prestado, Coward fai aparecer o "seu" mundo).

Sen embargo, e como vimos nun par de exemplos que representan á totalidade da película, aínda que Coward desprace a súa mirada cara outro ángulo, os seus ollos e oídos non perden agudeza ningunha.

É curioso notar que as datas en que se realiza BRIEF ENCOUNTER coinciden coas do neorrealismo italiano. O obxecto da nosa historia sería perfectamente asumible polos renovadores italianos. A relación entre Alec e Laura non deixa de ser unha argana de herba máis no prado ó que Zavattini ía buscar os seus relatos. Os neorrealistas deberon asentir convencidos diante do irónico papel que o cine xoga en BRIEF ENCOUNTER. Alec e Laura vén no cinematógrafo da vila unha estúpida película titulada "Chamas de paixón", permitíndonos reparar en que a auténtica paixón está destoutro lado da pantalla.

Sen embargo, as miradas sobre un mesmo obxecto son radicalmente distintas. Como dicíamos, Coward mantén un alto grao de sofisticación dramática que de nada serve ós neorrealistas. Esa equidistancia na que Coward sitúa BRIEF ENCOUNTER, entre o brillante mundo teatral, do que conserva a mirada, e o neorrealismo, con que comparte o

obxecto que ha tratar, son unha boa razón para o excelente lugar que a película ocupa no panorama do cine británico. Pero non é razón suficiente. BRIEF ENCOUNTER é un deses casos nos que, cando menos, dúas fortes personalidades se concitan. A película está dirixida por David Lean.

Coward e Lean

No esvaradizo terreo das autorías cinematográficas, Coward mantén unha posición firme respecto a BRIEF ENCOUNTER. El é o autor de "Still Life", a obra dun só acto na que se basea a película. De feito, os créditos fan constar o título do film como "Noël Coward's Brief Encounter". Figura, tamén, como produtor e co-guionista.

Por outra parte, David Lean non só dirixe a película; tamén asina o guión, xunto con Anthony Havelock-Allan, un dos seus socios en Cineguild e, polo tanto, participa na produción da película. Estamos, pois, ante unha intensa colaboración, a derradeira e máis notoria entre Coward e Lean. A súa relación empezara algúns anos antes.

Cando David Lean comenzou traballar na industria cinematográfica inglesa poñendo a claqueta diante da cámara, a mediados dos anos vinte, Coward estreaba as súas primei-

BREVE ENCUENTRO (Brief Encounter)

Director

David Lean

Producción

Independent Producers-Cineguild, 1945

Productor

Anthony Havelock-Allan y Ronald Neame

Argumento

La obra teatral STILL LIFE de Noël Coward

Guión

David Lean y Ronald Neame

Fotografía

Robert Krasker

Música

Concierto de piano nº 2 de Rachmaninoff

Dirección artística

L. P. Williams

Montaje

Jack Harris

Intérpretes

Celia Jhonson (Laura Jesson), Trevor Howard (Dr. Alec Harvey), Stanley Holloway (Albert Godby), Joyce Carey (Myrtle Bagot), Cyril Raymond (Fred Jesson), Everley Gregg (Dolly Messiter)

Duración

86 minutos

(1) Cineguild, que significa algo así como "gremio cinematográfico", foi a compañía que montaron en 1942 Anthony Havelock-Allan, David Lean e Ronald Neame, que ata entón eran, respectivamente, produtor, montador e director de fotografía.

Cineguild prolongouse alén de BRIEF ENCOUNTER; todo fai crer que a razón que os levou a se unir foi levar adiante proxectos propios, nos que tivesen a total responsabilidade sobre a obra final, cun espírito de colaboración que fai que aparezan, uns e outros alternadamente, nos departamentos de produción e guión.

ras obras teatrais en Londres, que lle deron fama inmediata. Para cando o dramaturgo publicou a súa primeira autobiografía (escribiu tres ou catro), Lean alcanzaba o posto de montador, logo de ser axudante de cámara e de montaxe.

Coward mantivo relacións intermitentes, e habitualmente superficiais, co cine. Cando quixo entrar de veras na industria, fíxoo con David Lean. En 1942, e como contribución ó esforzo de guerra, Noël Coward produciu a súa primeira película, IN WICH WE SERVE, da que foi co-director con Lean. Para ambos era un primeiro paso, que debeu de resultar satisfactorio, xa que en 1944 volveron colaborar, en THIS HAPPY BREED.

Neste caso Lean xa tiña figurado en solitario como director, e a súa compañía, Cineguild¹, constaba na produción. O mesmo ocorreu nas dúas películas feitas inmediatamente despois: BLITHE SPIRIT (1945) e BRIEF ENCOUNTER (1945).

Foron estas as catro primeiras películas de Lean, e as catro únicas de Coward. A historia conta que Lean foi o "protexido" do dramaturgo. De ser certo, o feito de non volver colaborar logo do éxito acadado en BRIEF ENCOUNTER indicaría que xa non precisaba de máis protección. Pero tamén é certo que Coward non produciu ningunha outra película. ¿Quen protexía a quen?

A falta de información que desvele os entretizos da produción e da escrita do guión de BRIEF ENCOUNTER, podemos imaxinalas principais aportacións de Lean. El debeu de fixa-la posta en escena, con instrumentos ás veces tan brillantes como os da dramaturxia de Coward.

O rizo que se establece sobre a secuencia que abre o filme, a despedida de Alec e Lau-



Nesta páxina e na anterior: tres fotogramas de BRIEF ENCOUNTER.

ra na cantina da estación, é un bo exemplo. Os protagonistas aparecen marxinados no plano xeral que mostra o ambiente da cantina. Do que importa á nosa historia só constan pequenos signos. No desenlace da película volveremos sobre a mesma situación, pero desde un ángulo —e cunha información acumulada para o espectador— bastante máis significativo.

Na mesma liña, a coidada planificación da película supón unha forte aposta por un cine de raíz expresionista, que subliña, máis ca mostra, os elementos da historia, e que será unha constante na filmografía de Lean. (Alguén dixo que os ollos de Celia Johnson-Laura, cando está a piques de se suicidar, resultaban máis espectaculares cós desertos de LAWRENCE DE ARABIA).

Esa aposta expresiva confírmase na elección de Robert Krasker como director de fotografía. Foi a única ocasión en que colaborou con Lean, e a primeira vez en que este prescindía detrás da cámara do seu socio en Cineguild Ronald Neame. Krasker aportou a BRIEF ENCOUNTER a súa maestría no manexo das sombras, materia coa que acadaría especial éxito poucos anos máis tarde en THE THIRD MAN.

Cousa importante esta da fotografía sombría de Krasker, xa que o amor de Laura e Alec só pode ter lugar en zonas de sombra, en espazos secretos. Como secreto é o propio relato, formulado como unha confidencia de Laura que nunca chegará saír dos seus beizos e queda reservada para si, para un Alec distante e igual, e para un bo fado de espectadores sentimentais. 